

**1.7. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.**

1.7.1. Servizos centrais: 1 funcionario/a da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

1.7.2. Servizos periféricos: 1 funcionario/a da unidade de persoal da xefatura territorial correspondente.

**1.7.3. Centros docentes non universitarios de titularidade pública:**

A dirección ou membro do equipo da dirección e un subalterno o subalterna en cada centro escolar. Nos centros de menos de 6 unidades o/a director/a poderá ser substituído/a por un membro do equipo docente. En todo caso, quedará garantida a apertura e peche de todos os centros.

Unha persoa de cociña nos centros ordinarios con comedor escolar de xestión directa. Un encargado do cátering en cada un dos comedores de xestión indirecta.



1 auxiliar coidador/a en cada centro educativo que non sexa centro de educación especial e que neste curso teña asignado persoal desa categoría.

O 20 % do persoal de comedores, limpeza e subalternos nos centros residenciais docentes.

O 20 % do persoal de comedores, ATS, limpeza, coidadores/as e persoal médico dos centros de educación especial.

A designación nominal do persoal que deberá cubrir os distintos servizos relacionados neste punto será realizada pola dirección do centro respectivo e publicarase no taboleiro de anuncios do centro.

#### 1.7.4. Centros de ensino privados e concertados:

Manteranse os servizos mínimos establecidos para os centros docentes públicos de ensino dependentes desta consellería.

#### 1.7.5. Universidades galegas:

1 empregado/a da área de conserxaría por quenda de traballo en cada facultade, escola, centro de investigación e demais centros administrativos.

1 funcionario/a no rexistro oficial de cada campus.

1 empregado/a do persoal de secretaría do reitor e dos vicerreitores/as dos campus onde non estea a sede reitoral.

